

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 1º.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4, letra t, ámbolos dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa polo subministro de auga, que se rexera pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.-

Están obrigados ó pago da taxa reguladora nesta ordenanza, quen se beneficie dos servicios ou actividades, prestados ou realizados por este concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º.- Contía

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na seguinte tarifa:

CONCEPTO	IMPORTE
Ata 10 m ³ /mes	0,15 €
Máis de 10 m ³ /mes e ata 20 m ³ /mes	0,21 €
Máis de 20 m ³ /mes	0,32 €
Mínimo facturable (10m ³ /mes)	
Dereitos de acometida á rede municipal	60,10 €

Artigo 4º.- Obrigación de pago.

1.- A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servico, e a súa facturación e cobro realizarase con periodicidade trimestral.

2.- O pago de dita taxa efectuarase no momento de presentación ó obrigado a realizalo, da correspondente factura.

3.- As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición final

A presente ordenanza da que a súa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de setembro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do primeiro de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.